

1957 › 2004

LUÍSA VILLALTA

LETRAS GALEGAS 2024

Luisa Villalta

Da Cidade Alta á Universidade



Luísa Villalta naceu na Coruña o 15 de xullo de 1957, no número 6 da rúa Vila de Laxe, onde viviu os seus primeiros anos.

Os pais, Rafael Villalta Crespo, empregado de banca, e María del Carmen Gómez Castro, formada en Comercio, tiveron outra filla, Susana.

Cos seus pais no domicilio familiar da Coruña



Celebración do seu 14 aniversario, coa súa irmá e a súa nai

Realizou os estudos primarios e o bacharelato no colexio das Xosefinas. O curso 1973-1974 fai COU no Instituto Eusebio da Guarda. Neste tempo maniféstase o seu interese pola escrita, influída pola profesora de Literatura María Teresa Rodríguez Taboada.

En 1965 comezou a súa formación musical. Desde 1977 especialízase nos estudos de violín, que rematará en 1983 no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Chegará a ser unha consumada intérprete dese instrumento.



En 1974 comeza os estudos universitarios de Filoloxía Hispánica no Colexio Universitario da Coruña. No curso de 1977-78 continúa a carreira en

Compostela, pero segue vivindo na Coruña. Licénciase en Filoloxía, seccións de Hispánicas e Galego-Portugués, en 1982.



Con Paulino Pereiro

En 1978 casa con Paulino Martínez Pereiro, tamén músico e escritor, a quen coñecera nas aulas universitarias. O matrimonio durou ata 1998.



Antiga Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago, na praza de Mazarelos

Da música ás letras

Desde finais dos anos setenta ata a segunda metade dos oitenta desenvolve unha notoria actividade musical, primeiro no grupo folk Escaino, con Paulino Pereiro (frauta traveseira), Luís Martínez Pereiro (clarinete) e Xoán Fernán Bello (percusión), e posteriormente na Orquestra de Santiago (1985-86) e a Xove Orquestra de Galicia (1987-88).



Un día saín do meu violino, lembro, e enxordecín a escala da corda por lle facer nós de palabras que me permitisen baixar aos camiños...

“Poética da concreción”, 2003



Nunha actuación do grupo Escaino de finais dos anos 70




Ensaíando co “violino” na súa casa

A partir de 1980 inicia a súa produción escrita, con colaboracións de tipo ensaístico en revistas e xornais (*Man Común*, *La Voz de Galicia*, *Agália*, *Luzes de Galiza*, *Grial*).



Xunto a Paulino Pereiro (de pé) e José Luis Evangelista. 1989

Publica os primeiros poemas: “Sete haikus” (*El Correo Gallego*, 1985) e “O oco da palabra (selección)” (*Agália*, 1987), estes incorporados ao seu primeiro poemario, *Música reservada* (1991).



CONCELLO DE VIGO



1957 › 2004

LUÍSA VILLALTA

LETRAS GALEGAS 2024

Luísa Villalta

Docencia

En 1988 consegue, por oposición, praza de profesora de Lingua e Literatura Galegas. O inicio da súa carreira docente levouna ao actual IES Xosé Neira Vilas, de Perillo-Oleiros. Do curso 1989-90 ao 1990-91 imparte clase no Instituto de Bacharelato de Canido (Ferrol), ata o seu destino definitivo no IES Isaac Díaz Pardo, de Sada, onde desenvolve un intenso labor organizativo, de acción cultural e de responsabilidades directivas ata o seu prematuro falecemento o 6 de marzo de 2004, con só 46 anos.

De resultados da súa actividade educativa, colaborou en varios manuais escolares de autoría colectiva, como *Actividades de léxico (I e II)* (1990), *Actividades de expresión oral e escrita* (1990) e *Actividades de construción gramatical* (1991).




Con Isaac Díaz Pardo, no instituto de Sada. 6-VI-1994

Compromiso e militancia

*Fronte á rutina, o rito da palabra tensa
a pel do mundo: un tambor que desperta.
A pel estremece-se porque reconece a morte
que baila fóra da tumba.*

Isto é tamén unha muller que resiste.

“Ritos de resistencia”, Ruído



Luísa Villalta foi persoa atenta e militante en causas sociais e políticas do seu tempo: o feminismo, a emigración, o desastre do *Prestige*, os problemas do terceiro mundo e as súas loitas de liberación, a denuncia da marxinação social..., actuando en plataformas reivindicativas (Nunca Máis, Foro Negro da Cultura...).



Cos compañeiros e compañeiras da AELG. 1995




Na compañía de Xosé Ramón Pena, Carlos Bernárdez, Ramón Nicolás e Xavier Alcalá, en Donostia, nun encontro de Galezka. 1994



Tamén participou no asociacionismo cultural (Mesa pola Normalización Lingüística, AS-PG, Foro da Cultura Galega, Galezka e a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, da que foi vogal da directiva entre 1993 e 2001) e na actividade política, nas organizacións Esquerda Nacionalista e Bloque Nacionalista Galego.



En Grândola, a localidade portuguesa que fixo universal a canción de Zeca Afonso



Compendium musicus, cadernos con escritos inéditos




Se ao principio foi a palabra, antes dela foi o son e, despois, o entendimento e transmisión da súa melodía. Eis a Música, que brota como o río da existencia, e a Palabra, que interpreta o seu ritmo como unha danza ritual arredor do lume da intelixencia. Eis a Poesía, palabra melódica.

Do “Prólogo” de *MÚSICA RESERVADA*

A poesía


No cerne da súa concepción poética están a procura do sentido da escrita, o papel da literatura e a natureza da palabra, con especial atención á relación da poesía e a música.



Catro xeracións de poetas, na Coruña, en agosto de 1998. Á súa dereita, Luz Pozo Garza e Emma Couceiro. Á súa esquerda, Teresa Seara e Pilar Pallarés



Son catro os poemarios que preparou para publicar: *Música reservada* (1991), *Ruído* (1991), *Rota ao interior do ollo* (1995) e *En concreto*, obra gañadora do XII Premio de Poesía Espiral Maior, que se publicou postumamente no mesmo ano do seu falecemento. O xurado considerou a obra como resultado dun “pensamento poético maduro”, de “carácter expresionista” e valorou o “equilibrio estilístico entre o conceptual e o visionario”; unha obra de plena madurez autorial, coa súa cidade natal como gran protagonista.

Postumamente, tamén apareceron *Papagaio* (2006), con fotografías de Maribel Longueira, e *As palabras ingravidas* (2020).



*O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos*

Do “Poema da Cidade Alta”, de *EN CONCRETO*)



CONCELLO
DE VIGO



1957 › 2004


LUÍSA VILLALTA

LETRAS GALEGAS 2024

Luísa Villalta

A narrativa

O mesmo ano 1991 en que publica os seus primeiros poemarios, tamén o é da publicación da súa primeira obra narrativa, *Silencio, ensaiamos*, colección de once relatos onde a presenza da música se conxuga cun mo-saico lendario e un fondo compromiso social.




No mercado de Lavradores, no Funchal (A Madeira), durante un congreso. Maio de 2001



Ademais de múltiples escritos en obras colectivas, publicou as novelas *Teoría de xogos* (1997), obra cun gran peso do parateatral, e *As chaves do tempo* (2001), construída como unha alegoría artúrica que ofrece lecturas simbólicas en clave social e identitaria, e onde a voz feminina e comprometida reflexiona sobre o rol social atribuído ás mulleres.

Luísa Villalta tamén exerceu o xornalismo de opinión nas páxinas do xornal A Nosa Terra. En 2005 publicouse *O libro das columnas* (2005), onde se recolleron medio cento de artigos centrados en temas da actualidade social, política e cultural do momento.



Lembrade: o mundo cambia, o ser humano non. Por esa razón ten a facultade de volver unha e outra vez sobre os seus pasos sen andar máis que de sesgo por entre o mundo e as súas propias obras. Son os mesmos medos, as mesmas ambicións, o mesmo modo de sentir e tamén, por outra parte, a mesma arela de concordia e xustiza.

Do capítulo XVIII de *As chaves do tempo*



Na presentación de *Música reservada*, na Galería Sargadelos de Compostela o 17-4-1992, xunto con *Metáfora da metáfora* e *Urania*, coas súas autoras, María Xosé Queizán e Chus Pato, na compañía de Miguel Anxo Fernán Vello



Nun acto na Universidade da Coruña, con Francisco Pillado (centro). 30-V-1996






Homenaxe a Manuel María, con Bernardino Graña, Uxío Novoneyra, Manuel María, Marica Campo e Pilar Pallarés seguindo a súa intervención. 1995

A obra dramática, o ensaio e o xornalismo

Luísa Villalta tivo no teatro unha forma de expresión preferente, e nel tamén están presentes os temas que interesan o resto da súa obra literaria, como o compromiso social, o poder da palabra e os conflitos morais ou existenciais.

As súas obras apareceron desde os seus mesmos inicios literarios: *Concerto para un home só* (1989), *O representante* (1990), *O paseo das esfinges* (1991), *As certezas de Ofelia* (1999) e *Os doces anos da guerra* (2001).



O seu labor ensaístico, presente en múltiples publicacións periódicas e obras colectivas, recóllese nos libros *O 'Don Hamlet' de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (1992), obra que, por vez primeira, aborda a versión cunqueiriana da traxedia de Shakespeare, e tamén traduciu (con Francisco Pillado, quen contribuíu de xeito decisivo en interesala pola escrita dramática) *A mandrágora*, de Niccolò Machiavelli.

O outro lado da música, a poesía (1999), un orixinal ensaio que procura a presenza substantiva da música na poesía galega dende a Idade Media ata as Irmandades da Fala e a época Nós; unha obra fundamental para mellor comprender tanto a poesía galega de todo tempo como a propia escritura de Luísa Villalta.



O ritmo, ligado ás nocións de tempo, de repetición e variación, de sucesión e acompañamento, constitúe o centro dun compendio expresivo formado pola danza, a música e a poesía, actividades que se desenvolveron independentemente na posterior evolución cultural.



De O OUTRO LADO DA MÚSICA, A POESÍA

ÚNHA PRODUCCIÓN DE **Merlín Comunicación** / Editorial Galaxia
PARA A **Fundación Penzol**
DISEÑO E MAQUETACIÓN: **Hayat Husein**
COORDINACIÓN: **Xesús Domínguez Dono**
FOTOGRAFÍAS: **Arquivo familiar / CRPH**
IMPRESIÓN: **CdeC**

CONCELLO
DE VIGO

